

ENSINANZAS DE DANZA

Estas ensinanzas poden ser:

- **Regradas:** estúdanse en Conservatorios de Danza e Centros Autorizados de Danza (obtense un título con validez académica e profesional).
- **Non Regradas:** estúdanse en Escolas de Danza (obtense un certificado).

Estrutúranse en:

- **Ensinanzas de Grao Elemental:** Comprende 4 cursos académicos. Os criterios de admisión os establece cada centro, e normalmente atende ás aptitudes físicas e expresivas dos aspirantes relacionadas coa danza e co sentido musical, mediante unha proba.
- **Ensinanzas de Grao Profesional:** Duración: 3 Ciclos de 2 anos cada un (6 anos en total). Acceso: Non hai límite de idade pero si hai que superar unha proba en xuño, que será diferente acorde co Ciclo ou curso no que se queira ingresar, os contidos tamén dependen da especialidade na que se queira ingresar. O alumnado que finalice estas ensinanzas obterá o título de bacharelato se supera a as materias xerais do bloque de asignaturas troncais da modalidade de Bacharelato que o alumno elixa. Pódense simultanear estas ensinanzas coa ESO e o Bacharelato, para o cal se establecen validacións de materias.
- [VER VALIDACIÓNS.](#)
- **Ensinanzas de Grao Superior:** Duración: 1 só Ciclo de 4 cursos. Acceso: hai que cumprir os seguintes requisitos: ter o título de Bacharelato ou equivalente, e superar unha proba específica para cada especialidade. Se non se ten o bacharelato ou equivalente pódese acceder superando unha proba de acceso en xuño para maiores de 16 anos sobre algunhas materias de bacharelato. Obtense o Título Superior, que equivale a Graduado Universitario.

Especialidades:

- GRAO MEDIO: [Baile flamenco](#), [Danza clásica](#), [Danza Española](#) e [Danza Contemporánea](#).
- GRAO SUPERIOR: [Pedagoxía da Danza](#), [Coreografía](#) e [Interpretación](#).

Oferta educativa:

[Conservatorio Profesional de Danza de Lugo](#): Danza clásica e danza contemporánea.

[Conservatorio Profesional de Danza da Diputación de A Coruña](#): Danza clásica.